

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º DE BACHARELATO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Latín proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúen eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais. Os contidos propostos para Latín II céntranse en dous grandes ámbitos, como son a lingua e a cultura e están distribuídos en bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO e de Grego e Latín de Bacharelato, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos gregos e latinos

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos latinos ten que contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas

A adquisición dun latino baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa

asimilación. A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór ao alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo. As tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romana que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc... A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización grecorromana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado grecorromano transmitiron até hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

Podemos establecer os seguintes obxectivos:

- Identificar os principais aspectos e realizacións culturais de Roma, con especial atención á literatura e recoñecer os elementos desa herdanza latina que permanecen no mundo e na cultura actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.

- Valorar as achegas do legado cultural de Roma, especialmente da literatura, como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence.
- Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.
- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, con aplicación das novas tecnoloxías, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
- Identificar os principais cambios na evolución do léxico latino ás linguas romances de España, contribuíndo así a un mellor coñecemento e aprecio desas linguas por parte dos alumnos.
- Identificar a orixe latina do acervo léxico das linguas romances faladas polo alumnado, así como os principais procedementos de composición e derivación do latín e a súa permanencia nas linguas romances.
- Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.
- Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina, aplicándoos correctamente na interpretación e tradución de textos orixinais latinos.
- Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características esenciais e evolución, e analizando a estrutura lingüística, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o mundo actual.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na área de latín contribuírase a desenvolver as seguintes competencias clave.

Competencia lingüística. Expresión escrita (CL-EE)

- **LA2B4.2.1.** Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza entextos propostos.
- **LA2B4.4.1.** Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.
- **LA2B5.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

Competencia lingüística. Expresión oral (CL-EO)

- **LA2B5.3.1.** Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.
- **LA2B5.4.1.** Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.
- **LA2B5.5.1.** Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

Competencia lingüística. Comprensión escrita (CL-CE)

- **LA2B6.1.1.** Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.
- **LA2B6.2.2.** Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.
- **LA2B6.3.1.** Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
- **LA2B6.4.1.** Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

Competencia lingüística. Comprensión oral (CL-CO)

- **LA2B4.4.1.** Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

Competencia aprender a aprender (AA)

- **LA2B5.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
- **LA2B5.2.1.** Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.
- **LA2B5.3.1.** Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.
- **LA2B6.2.1.** Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

Competencia social e cidadá. Tralado en grupo (CSC-TG)

- **LA2B2.4.2.** Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traduciónse retroversións, axudándose do dicionario.
- **LA2B2.5.2.** Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
- **LA2B5.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
- **LA2B5.2.1.** Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALITATIVO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

BLOQUE 1: O latín, orixe das linguas románicas.

| OBX ECTI | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE | TEMPORALIZACIÓN | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---------------------|----------------------------------|---------------------------|------------------------|---|
|---------------------|----------------------------------|---------------------------|------------------------|---|

| VOS | | CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|-------------|--|--|----------|----------|----------|--|
| D P | <ul style="list-style-type: none"> LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | <p>Pode deducir a evolución patrimonial e culta dun termo latino.</p> <p>60%</p> | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |
| D G P | <ul style="list-style-type: none"> LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | <p>Sabe evolucionar do latín á lingua de orixe e distinguir os cambios semánticos producidos neste proceso.</p> <p>20%</p> | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |
| D G P | <ul style="list-style-type: none"> LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. | <p>Pon en relación palabras de distintas linguas romances co termo orixinal latino.</p> <p>20%</p> | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |

Bloque 2: Morfoloxía

| OBX ECTI VOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|--------------------|---|--|-----------------|----------|----------|--|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| I | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | <p>Diferencia as categorías gramaticais.</p> <p>0,5%</p> | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |
| D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | <p>Recoñece lexemas e morfemas nunha palabra proposta e pode por exemplos doutras ocorrencias.</p> <p>0,5%</p> | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |

| | | | | | | |
|--------|---|---|---|---|---|---|
| D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | Diferencia o enunciado da flexión nominal, pronominal e verbal. 0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| L D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | Identifica no dicionario a flexión nominal e pronominal. 0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| L D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | Traduce pasablemente palabras da flexión nominal e pronominal. 0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| L D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán | Identifica no dicionario a flexión verbal . 0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| L D | <ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | Sabe traducir coa axuda do dicionario calquera forma verbal personal. 70% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

Bloque 3: Sintaxe

| OBX ECTI VOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|--------------------|--|--|-----------------|----------|----------|--|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| E | <ul style="list-style-type: none"> LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | Coñece e sabe traducir as funcións sintácticas nominais e pronominais. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| E | <ul style="list-style-type: none"> LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | Distingue as oracións simples e as compostas e recoñece estruturas sintácticas propias do latín. | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

| | | | | | | |
|--------|--|--|---|---|---|---|
| | | 20% | | | | |
| E P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | Sabe traducir construcións latinas non existentes na lingua de orixe. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| D | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | Recoñece entre subordinadas completivas, adxectivas e adverbiais partindos dos nexos. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| E | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | Recoñece e traduce as formas non persoais do verbo. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

Bloque 4: Literatura latina

| OBX ECTI VOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|--------------------|---|---|-----------------|----------|----------|---|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| H | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | Cofece os mecanismos de transmisión dos textos clásicos. 10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| N | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | Distingue os textos literarios latinos e pode sinalar alguna característica. 30% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| I G | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | Sitúa temporalmente os principais autores e obras latinas. 10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

| | | | | | | |
|-------------|---|---|---|---|---|---|
| I G | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | Coñece varios autores de cada xénero literario e alguna das súas obras. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| D | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | Identifica o xénero literario dun texto proposto e coñece as características esenciais. 10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| N H P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | É consciente da pervivencia da literatura latina nas distintas etapas da literatura europea. 10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| N H P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | Recoñece motivos, tópicos ou personaxes da literatura latina en textos da literatura europea. 10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

Bloque 5: Textos.

| OBX ECTI VOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|--------------------|---|---|-----------------|----------|----------|---|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| E | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | Basea a tradución na análise morfolóxica e sintáctica previa. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| D | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para | Sabe atopar no dicionario a acapción que mais se axusta á | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

| | | | | | | |
|---|---|--|---|---|---|---|
| | unha correcta tradución do texto. | traducción. 20% | | | | |
| B | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | É capaz de recoñecer nos textos aspecto lingüísticos, históricos e literarios que lle permitan comentalo. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| A | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | Recoñece nos textos os referentes extralingüísticos vistos ao longo da área. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| H | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | Recoñece o xénero literario e a finalidade do autor. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

Bloque 6: Léxico.

| OBX ECTI VOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas). |
|--------------------|---|---|-----------------|----------|----------|---|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| E P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. | Relaciona co latín vocabulario literario, científico e técnico de uso actual. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| D G P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | Deduce o significado de palabras latinas a partir da súa permanencia na lingua de orixe. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |
| D G P | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | Recoñece a etimoloxía de palabras da lingua de orixe relacionadas con étimos latinos | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames. |

| | | | | | | |
|--------|---|---|---|---|---|---|
| | | coñecidos 20% | | | | |
| H | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | Recoñece e sabe utilizar na lingua de orixe un mínimo (50%) de expresión e locucións latinas. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |
| D p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | Recoñece e sabe utilizar na lingua de orixe un mínimo (50%) de latinismos. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes. |

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As concrecións metodolóxicas están pendentes de recibir información por parte da CIUGA dos autores que deberán ser traducidos este curso. En principio a profesora propón a tradución de Eutropio e de Fedro, como en cursos anteriores, así como de outros autores e xéneros que a profesora considere pertinentes atendendo ás capacidades e a motivación do alumnado. En cuanto aos contidos non lingüísticos continuarase facendo como en anos anteriores mentres non se informa do contrario por parte do organismo competente. O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textostraballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.
- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- O enfoque da materia será sobre todo práctico. Para iso traballaremos con textos de dificultade gradual e se aproveitarán estes como pretexto para introducir ó alumno nos distintos ámbitos do mundo romano.
- Faranse traducións diarias con explicacións gramaticais, sintácticas, estilísticas ou de calquera tipo no momento da corrección das mesmas. O alumno debe participar activamente nelas, aportando a súa versión do texto e comparandoa coas dos demais compañeiros e coa da profesora.
- Os temas de literatura serán ilustrados con lecturas seleccionadas cos autores do programa.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado non ten obriga de mercar ningún libro de texto. O Departamento proporcionaralles aos alumnos os materiais teóricos necesarios así como un cuadernillo de fichas cos exercicios que serán realizados cada avaliación.

Está prevista ademais a utilización doutras fontes para o estudo da gramática e da civilización romanas:

- Aula Virtual do centro: no curso de latín II están matriculados todos os alumnos e colgaranse os temas vistos na clase e os exercicios de cada tema.
- Dicionarios (básicos, etimolóxicos, de expresións latinas, de topónimos, mitolóxicos).

Tamén poderase acudir as Aulas de Informática para reforzar os contidos atendendo á dispoñibilidade horaria.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar realizarase unha proba sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non será avaliada cuantitativamente e so servirá de información á profesora.

Antes da sesión de avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno. Os alumnos que non podan seguir o ritmo normal da clase, terán que facer un cuadernillo de recuperación ata que acaden os estándares de aprendizaxe mínimos.

AVALIACIÓN ORDINARIA

A consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias por parte do alumnado avaliarase mediante os seguintes procedementos e instrumentos:

Tres exames por avaliación, dous de traducción e outro dos contidos non lingüísticos **80%**;

En canto aos criterios de cualificación das probas escritas aplicarase as directrices sinaladas dende a CIUGA seguindo o modelo das ABAU. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse SETE (7) para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de TRES (3) puntos. Na TRADUCCIÓN consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución. Nas PREGUNTAS valorarase tanto os contidos –cantidade e calidade de coñecementos– como a forma en que son expostos: corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.

Observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo (**20%**). A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copialas de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase..

O feito de utilizar calquera sistema fraudulento nun exame, e inclúese a exhibición dun aparato de telefonía móbil ou similar, suporá a avaliación como suspenso nese exame, e non se repetirá dito exame.

Cando un alumno falte a un exame sen falta xustificada será a profesora a que decida a nova data de exame, que non será nunca o mesmo que fixeron o resto de compañeiros.

- A nota global de curso resultará de sumar as porcentaxes asignadas a cada avaliación: un **15** % da 1ª avaliación, un **35**% da 2ª e un **50**% da terceira avaliación. A nota mínima para aprobar será un 4,50. A nota se aproximará á unidade seguinte cando o decimal sexa 6 ou superior.
- As avaliacións suspensas se recuperarán aprobando a avaliación seguinte, no tocante á parte práctica; e mediante unha proba específica para a parte de teoría.
- En xuño, se o alumno ten algunha avaliación suspensa, poderá presentarse a un exame final da materia que abrangará todos os contidos mínimos. Non se faran exames por avaliacións en xuño.

AVALIACIÓN XULLO

Consistirá nunha proba escrita con dúas partes ben diferenciadas; unha, de carácter teórico, abrangendo xeitos lingüísticos e culturais, e outra, de carácter práctico, na que o alumno haberá de analizar e traducir un texto de Eutropio ou de Fedro. O alumno deberá aprobar cunha nota mínima de 4,5.